



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 24 DE NOVEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00052739P.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00056972J.

Proposta de preaviso de prórroga do contrato baseado no Acordo Marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da FEMP conforme ao previsto no artigo 29.2 da LCSP e solicitude de revision de prezos (cláusulas 16.3 e 21.2 do PCA).

Acórdase comunicar á empresa ENDESA ENERXIA SAU, a vontade do Concello de Santiago de prorrogar do contrato baseado no acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da central de contratación da FEMP conforme ao previsto no artigo 29.2 da LCSP e solicitude de revisión de prezos (cláusulas 16.3 e 21.2 do PCAP)

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00017747A.

Autorización inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal”.

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 21 de novembro de 2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033210X.

Aceptación retirada da oferta e retroacción de actuacións do expediente “CON/31/2021 Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior”.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a retirada da oferta CLIMAWORK SL por ter transcorrido máis de tres meses sen que se dite resolución de adxudicación neste procedemento.

Segundo: Acordar retrotraer as actuacións do procedemento de adxudicación das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior ata o momento da emisión do informe de valoración das ofertas e acordar, así mesmo, a validación das actuacións que se consideren válidas na tramitación efectuada.

Terceiro: Notificar este acordo á mesa de contratación así coma a todos os interesados neste procedemento de adxudicación.

5. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019193L.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco para o ano 2022 e o recoñecemento da obriga, pola contía de 5.000 euros.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 DE XULLO DE 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ESCOLA DE TEMPO LIBRE E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DON BOSCO para o ano 2022 e o recoñecemento da obriga, pola contía de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800016 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)

6. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017420V.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de 23.000 euros

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 DE XULLO DE 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de VINTE TRES MIL EUROS (23.000,00 €) sendo a subvención concedida de VINTE TRES MIL euros (23.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800021 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)